



CICLOS LOXSE. CONVOCATORIA ORDINARIA.

NORMAS A APLICAR NO DESENVOLVEMENTO DA OBRA/PROXECTO FINAL DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR LOXSE NA “ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO” NO CURSO ACADÉMICO 2015-16

0.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 0-1 Estas normas afectan aos ciclos LOXSE que se relacionan a continuación: CM Dourado e policromía artísticos, CS Artes aplicadas á escultura, CS Fotografía artística e CS Ilustración.

1.- MATRÍCULA

- 1-1 So poderán ser avaliados na O/PF aqueles alumnos que teñan superados tódolos módulos que compoñen o C.F., incluído o de **“Formación en empresas, estudos ou talleres”**.
- 1-2 Os alumnos dos CC.FF. deberán formalizar a inscrición na O/PF no impreso que se lles facilitará na secretaría da Escola e recoller a información necesaria. En dito impreso deberán sinalar os profesores tutores do seu O/PFC da súa preferencia, que pertencerán o equipo docente do seu ciclo formativo ou de outro ciclo da mesma familia profesional.
- 1-3 A xestión anterior faraa o alumno de xeito persoal na oficina da Escola, de **10 a 13 horas** entre os días **5 e 8 de abril de 2016**.

2.- INFORMACIÓN ENCOL DA O/PF E ADXUDICACIÓN DE TITORES

- 2-1 O Tribunal da O/PF fará a adxudicación de tutores en presenza de tódolos profesores solicitados coma tales, dándolle prioridade á preferencia manifestada polos alumnos e axustando o número de pupilos por profesor con criterios equitativos.
- 2-2 **O presidente do Tribunal convocará unha reunión conxunta de alumnos, tutores e Tribunal**, no decurso da que se adxudicarán tutores, se explicará a O/PF a desenvolver, con entrega da correspondente documentación, explicaranse a proposta/as do Tribunal, aceptaranse ou non as propostas alternativas dos alumnos se fose o caso, e resolveranse cantas dúbidas se susciten. A devandita reunión, que deberá ser fixada polos presidentes dos Tribunais deberá celebrarse antes do día 15 de abril de 2016. Esta data deberá ser comunicada os alumnos e os restantes membros do Tribunal, con polo menos cinco días lectivos de antelación e deberá ser exposta no taboleiro de anuncios.

Os alumnos que desexen presentar o tribunal a súa proposta de traballo, deberán levala à reunión a cal foron convocados para a explicación da normativa e adxudicación de tutores e deberán expoñer a súa proposta diante do tribunal na data e forma que este determine.

- 2-3 **Os presidentes dos tribunais comunicarán á Xefatura de Estudos a relación de alumnos que realizarán a O/PF e os tutores a que lles foron adxudicados.**

3.- ESTRUCTURA DA O/PF RECOLLIDA NOS CURRÍCULOS CORRESPONDENTES DE CADA MÓDULO (VER FINAL DO DOCUMENTO)

4.- ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DA O/PF.

- Os alumnos farán entrega da súa O/PF, do xeito, forma e nas datas que o Tribunal determine comunicándoo este, no taboleiro de anuncios da Escola con polo menos, dous días lectivos de antelación. A data de entrega da O/PF será entre os días 22 e 28 de xuño de 2016 e a publicación da acta de avaliación será como máximo o día 4 de xullo de 2016.

- Entre a data de entrega da O/PF e a publicación da acta de avaliación realizarase a presentación, comunicación e defensa da O/PF. Esta data comunicarse no taboleiro de anuncios da Escola ao día seguinte da data de entrega da O/PF.

- O tribunal poderá requirir do alumno cantas aclaracións precise para unha mellor avaliación da súa O/PF.

- Cada membro do Tribunal emitirá a súa cualificación numérica, sendo nulas aquelas que difiran entre si tres enteiros ou mais, obténdose, neste caso, polas cualificacións das do resto dos membros do tribunal.

- De producirse a ausencia do Presidente do Tribunal, será suplido polo primeiro vocal. As suplencias do resto dos membros do Tribunal ordenaraas o Director, e faranse constar no libro de actas, dándolle conta, ademais o Xefe de Estudos.





O Presidente do tribunal farase cargo das O/PF ata a súa entrega ós seus autores, que non será en ningún caso antes de cumprirse o prazo legal establecido para as reclamacións. De producírense estas, o Presidente do Tribunal, custodiará os traballos ate a total resolución das mesmas. Aquelas O/PF que a xuízo do Tribunal deban permanecer na Escola relacionaranse por escrito, e xunto coas mesmas, poñeranse o dispor do Director da Escola. Os alumnos que non retiren a O/PF, neste prazo, entenderase que renuncian ao dereito de devolución dos seus traballos ou obras e que os deixarán o dispor da Escola.

- **Todos os membros do Tribunal están obrigados a garda o segredo das deliberacións que se produzan no seo do mesmo.**

- **Unha copia das actas de cualificación do PFC será exposta no taboleiro de anuncios da Escola, e as actas orixinais serán custodiadas polo secretario da Escola.**

- Os Tribunais da O/PF deberán outorgar o Premio Fin de Carreira, cando o seu xuízo deba facerse, comunicándolle por escrito a súa decisión o Director.

5.- RECLAMACIÓNS.

Os alumnos da O/PF poderán presentar reclamacións contra das súas cualificacións nos **dous días lectivos seguintes o da exposición das mesmas no taboleiro de anuncios da Escola, por escrito e dirixidas ó Director da mesma, e** nas seguintes circunstancias.

- Cando a O/PF non estea de acordo co programa oficial do C:F:
- Aplicación inadecuada dos criterios acordados polo Tribunal par a avaliación da O/PF.
- Outras circunstancias nas que se aprecie de xeito obxectivo a aplicación inadecuada da normativa vixente en materia de avaliación.

O Director resolverá (sometendo, si procede, a reclamación a consideración do Tribunal) nos cinco días naturais seguintes, ó remate do prazo de presentación, e, de ser negativa a súa resolución fronte á reclamación do alumno, daralle traslado do expediente ó Ilmo Sr. Delegado da Consellería de Educación e O.U. sempre que o alumno así o solicite por escrito e no prazo de dous días lectivos contados a partires da recepción da devandita resolución, quen resolverá o que proceda.

6. LEXISLACIÓN BÁSICA

Para todo o non referido nestas normas respecto á O/PF estarase ao disposto na Orde de 9 de Setembro de 2004 e na Orde de 1 de decembro de 2008, que regulan a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa os estudos de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, e no currículo do ciclo formativo correspondente.

O DIRECTOR

O XEFE DE ESTUDIOS

Asdo. Manuel Andrés Soto Gómez

Asdo. Francisco Javier Martín Aláez